

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 12 de decembro de 2013

Hora: 12:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Fernández Pena

Héctor Rodríguez Martínez

José Varela Pet

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Ausencias xustificadas:

Pablo García Tahoces

Puntos a tratar:

1. Aprobación das actas das últimas reunións.
2. Aprobación dos informes de seguimento das titulacións impartidas na ETSE.
3. Turno aberto.

1. Aprobación das actas das últimas reunións.

Apróbanse as actas das reunións de 13 de xuño e 13 de novembro de 2013.

2. Aprobación dos informes de seguimento das titulacións impartidas na ETSE.

Os informes de seguimento foron xa analizados e aprobados polas respectivas comisións académicas de cada titulación. O Sr. Director solicita que cada representante explique a súa experiencia na elaboración do informe, e aqueles aspectos que sería bo ter en conta para mellorar o proceso en informes futuros. Con estes informes elaboraranse as propostas de mellora do centro.

Grao en Enxeñaría Química (GrEQ)

O coordinador do GrEQ indica que o proceso foi medianamente traumático. A aplicación informática non está aínda o suficientemente rodada. No seu caso particular, había unha lapela que non se amosaba. Do que estaba feito do ano pasado aproveitouse unha parte. Modificouse o apartado de reflexións para facelo máis de “reflexión” sobre a situación que descriptivo, como estaba o anterior. Este foi o principal obxectivo nas reunións da comisión: darlle o enfoque de reflexión ao informe. Este ano fíxose a reunión ao inicio de curso unicamente cos coordinadores de curso, porque pareceu máis operativo que xuntar a todos os profesores. Tamén se realizou unha reunión cos representantes dos alumnos (delegados e subdelegados). En base as achegas nestas reunións, propuxéronse dúas accións de mellora, relacionadas co software para simulación de procesos Hysys e coas visitas a empresas. En total establecéronse

oito accións de mellora, entre elas a acreditación ICHeme para o Grao en Enxeñaría Química, e o reforzo das figuras de investigadores Ramón y Cajal ou Parga Pondal, ou a mellora no proceso de actas (18% de actas fora de prazo).

Grao en Enxeñaría Informática (GrEI)

O coordinador do GrEI indica que despois de dedicarlle tempo a mirar a aplicación, parece que está bastante ben feita, aínda que ten demasiadas lapelas. Pérdese moito tempo en ver como teñen que facerse as cousas, o que deixa menos tempo para o informe, que é o importante.

Neste grao realizouse unha reunión cos alumnos a principio de curso, e cos profesores fai unhas semanas. Das reunións xurdiron ideas pra aplicar de inmediato e outras a máis longo prazo. A cantidade de información de que se dispón é moita, e é difícil encaixar todas as pezas. O informe quedou un pouco espeso, porque se incluíron quizais demasiadas cousas. Para o próximo ano tentará mellorarse neste aspecto.

Establecéronse 12 propostas de mellora inicialmente, pero algunhas caeron por non estar aínda ben definidas. Unhas son de solución fácil, pero outras terán máis complicación. Por exemplo, a revisión das programacións docentes: no sistema de avaliación debe indicarse claramente como se avalían as competencias, e isto non está ben desenvolvido ata o de agora.

Máster en Tecnoloxías da Información (MTIN)

O coordinador do MTIN, indica a situación peculiar deste máster, dado que o próximo curso non haberá nova matrícula. Isto levou a recortar accións de mellora respecto ao informe anterior: 8 das accións estaban orientadas a mellorar o número de matriculados, e xa non teñen sentido. Como guía utilizouse o informe anterior. Algunhas das accións se manteñen, porque en reunión cos estudantes detectáronse problemas relacionados coa falta de coordinación entre materias, e cos convenios con empresas. Outra crítica ten que ver co plano de estudos, que se considera demasiado xeneralista, e suxírese que se oriente máis a algunha temática. Esta semana formouse un grupo de traballo para tratar este punto.

O coordinador indica tamén que tivo retraso no acceso á aplicación. O anterior coordinador foille pasando os datos de indicadores, pero de momento non se meteron na aplicación. O coordinador actual móstrase escéptico respecto a este tipo de aplicacións. Opina que ten unha cantidade excesiva de datos: indicadores, axendas, etc., e da máis traballo do que aforra. Debería ser máis unha aplicación de consulta de indicadores e non tanto de execución. O Sr. Director comenta que o que debemos é sacar conclusións do que non funcione e pedir que se modifique o que faga falta. O coordinador do Máster en Computación de Altas Prestacións di que ten solicitado cousas e non tivo resposta. O coordinador do MTIN pensa que a aplicación vai ter moita información, pero fará falta mantemento, e non cre que o vaia a ter. O Sr. Director opina que quizais o informe de seguimento non o metería na aplicación, pero si as accións de mellora. Propón que se poñan en común todas as dúbidas ou problemas relacionados coa aplicación para que non teña que pelexarse cada un pola súa conta con ela.

O coordinador do MTIN indica que unha acción de mellora transversal a todo o centro é a mellora do grao de coñecemento do SGIC por parte do profesorado. Outra é a relativa á mellora nas competencias transversais. Deber fomentarse a participación nas actividades da Aula Profesional. O Sr. Director incide en que esa é a idea da dirección. Estudar globalmente todas as accións de mellora e detectar as comúns. En xaneiro farase unha revisión para adaptalas á realidade.

Máster en Computación de Altas Prestacións (MCAP)

O coordinador do MCAP informa dos problemas que tiveron coa aplicación debido ao carácter interuniversitario deste máster. Revisouse o informe anterior, e das reunións con alumnos e con profesores saíron catro accións de mellora. Revisouse a memoria para modificar o número de créditos nalgunha materia e outras correccións menores. As accións de mellora están condicionadas a que haxa financiamento por parte da USC; por exemplo, traer investigadores de fora para impartir parte das materias.

O Sr. Director aporta o punto de vista da Escola sobre todo o proceso. En xuño aprobouse o calendario para a elaboración do informe de seguimento, pero logo non o seguimos. A implicación da vicerreitoría de Calidade mellorou, e celebráronse reunións que axudaron no desenvolvemento do proceso. O Sr. Director pregúntase se sería bo deseñar desde o centro un proceso máis dentro do SGIC para a xestión dos informes de seguimento. O proceso comezaría coa revisión nas comisións de titulación das accións de mellora do curso anterior (en setembro). En outubro faríanse as reunións cos grupos de interese (estudantes, profesores, empregadores...). A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQBP) indica que en outubro teríamos información parcial, xa que non hai alumnos nos másteres de un ano e medio. O coordinador do MTIN indica que cada acción de mellora ten distinta temporalidade e non se poden avaliar todas á vez, polo que non parece lóxico uniformar na análise. O Sr. Director expresa a sensación de que os informes se fan como un proceso burocrático que hai que cumprir, e gustaríalle que o informe fose o resultado da nosa acción de mellora previamente reflexionada. Neste momento a data límite a pon a ACSUG, e os últimos 15 días faise todo apurado. Pregúntase cando sería bo analizar se se cumpre ou non unha acción: cando di a ACSUG, ou cun calendario propio. Por exemplo, as reunións cos grupos de interese: en febreiro ou xullo, ou en outubro cando hai que facer o informe? A coordinadora do MEQBP lembra que os indicadores non os proporcionan ata primeiros de outubro. O Sr. Director resposta que as reunións para reflexionar sobre o cumprimento das accións de mellora poden planificarse con antelación. O coordinador do GrEQ propón facelas un mes antes. O Sr. Director propón en todo caso desconectar o proceso de mellora do calendario de elaboración de informes da ACSUG. O coordinador do GrEI confirma que estiveron apurados a última hora. O Sr. Director di que se os indicadores se reciben con data 30 de setembro, pódese ter a reunión cos grupos de interese a mediados de outubro.

O coordinador do MTIN pregunta se hai un proceso no SGIC que obriga a darlle publicidade ao informe de seguimento. A resposta é afirmativa. O coordinador do GrEQ propón facer a reunión unha vez se teñan os indicadores, e logo facer públicos os informes elaborados pola comisión correspondente, en lugar de presentar xa o informe na reunión. O coordinador do MCAP sinala que neste máster todos os profesores menos un son membros da Comisión Académica do máster, polo que non sería necesario facer outra reunión. O Sr. Director suxire non propoñer nas reunións as accións de mellora, senón facer unha tormenta de ideas para establecelas (presentando as do ano anterior).

O Sr. Director propón ademais poñer por escrito como habería que documentar as reunións cos grupos de interese. Habería que informar delas nunha comisión da titulación e achegar como anexo a acta da reunión. Pídese que se lle envíen ideas sobre como elaborar a planificación do

proceso; no primeiro trimestre traerase unha proposta a esta comisión de Calidade para ser aprobada. Isto proporcionará un marco do que en todo caso nos poderíamos saír de ser necesario: iríase axustando á realidade do centro. Teríamos un proceso dentro do marco do SGIC para a mellora do centro. O coordinador do MTIN lembra que as actas das reunións deben publicarse na web, polo que haberá que anonimizar o que sexa preciso. O Sr. Director indica que se incluírán unicamente os acordos que non estean relacionados con persoas concretas. O coordinador do MCAP pregunta se hai que publicar as actas de todas as comisións. O Sr. Director resposta que se publicará a parte das actas que supoñan compromisos ou acordos. Fai énfase asimesmo en que na avaliación que se nos fixo en xullo preguntaron expresamente onde estaban as evidencias. A coordinadora do MEQBP comenta que a xestora ten copia de todas as actas, e pregunta se debe incluírse unha folla de sinaturas. O Sr. Director indica que todas as convocatorias deben facerse formalmente a través da secretaría administrativa ou a aplicación, e ao final debe entregarse a acta. Se alguén nalgún momento quere un certificado de asistencia, debería pasarse folla de sinaturas. En todo caso, asinar non é obrigatorio, pero se alguén non quere asinar logo non podería emitírselle un certificado. Respecto aos informes, alomenos as accións de mellora deben ser públicas.

Por último, o Sr. Director indica que o SGIC tamén pode revisarse: se hai algún proceso do SGIC que nos saltamos sistematicamente, o que habería que facer é modificar o SGIC.

3. Turno aberto.

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 13:30 h.